



Previsión de actividades da presidenta do Parlamento de Galicia para este martes, 6 de novembro de 2012

A Coruña

20,00 h.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, inaugura a exposición “Aqueles Primeiros Anos (1981-1989)”, que abre as súas portas na cidade coa colaboración do Concello e da Deputación Provincial da Coruña. No Fórum Metropolitano, na rúa Río Monelos, 1, A Coruña.

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

A Exposición “Aqueles Primeiros Anos (1981-1989)” foi organizada polo Parlamento de Galicia para recuperar e poñer en valor as orixes da institución e o proceso de configuración do autogoberno da Comunidade Autónoma.

A mostra foi inaugurada no Parlamento de Galicia o 4 de xullo de 2011, no marco das actividades organizadas pola Cámara para conmemorar o 30 aniversario do lexislativo galego. Posteriormente, estivo aberta ao público no Senado, desde onde se trasladou a Ourense, Pontevedra e Lugo. A mostra rematará na Coruña a xira polas catro capitais de provincia de Galicia.

“Aqueles Primeiros Anos (1981-1989)”, ofrece ao visitante unha visión plural sobre a etapa preautonómica e as dúas primeiras Lexislaturas do Parlamento de Galicia, explicando o seu nacemento e desenvolvemento a través dun percorrido documental, fotográfico e audiovisual.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia